

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

PROCESO SELECTIVO ENCAMIÑADO Á FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A PERSOAL DE OFICINAS DE TURISMO (PARA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN TURÍSTICA NO CONCELLO DE SOBRADO)

En Sobrado, o 27 de maio de 2022, sendo as 09:00 horas, reúnense no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Sobrado, baixo a presidencia de D^a. Guadalupe Vázquez Ascariz (Empregada pública do Concello de Toques), os seguintes membros integrantes do Tribunal Calificador que se constitúe para calificar ós/ás aspirantes presentados /as no concurso-oposición convocado, e segundo as bases aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 172/2022 de data 28/04/2022.

Presidenta: D^a. Guadalupe Vázquez Ascariz (Empregada pública do Concello de Toques),

Vogal: D^a. Marta M^a Roca Souto (Empregada pública do Concello de Curtis).

Secretaria: D^a. M^a Ermitas Sánchez González (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Dada a presenza tanto da Presidenta, coma da Secretaria, así como dunha vogal titular do presente Tribunal, considérase cumprido o requisito perceptivo para a súa válida constitución e actuación, polo que ábrese a sesión pola Presidenta.

Sendo as 09:00 h, declárase constituído o Tribunal cualificador e aberto o acto acordase, proceder á elaboración da proba escrita da fase de oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio que han responder os aspirantes, acordando por unanimidade a seguinte proba escrita:

“1. A ESTE MUNICIPIO ACHÉGASE UNHA EXCURSIÓN EN AUTOBÚS CON INTEGRANTES DE DIFERENTES IDADES. DESCRIBE OS PRINCIPAIS RECURSOS TURÍSTICOS (ARQUITECTÓNICOS E PAISAXÍSTICOS) QUE PODERÍAN VISITAR NESTE CONCELLO.

2. REALIZA UNHA PROPOSTA DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN TURÍSTICA NO CONCELLO DE SOBRADO PARA DESENVOLVER NESTE ANO E NOS DOUS ANOS SEGUINTE”

A continuación ás 10: 00 h, noméase á única aspirante que se presenta á proba, dándose inicio ao exame escrito que terá unha duración máxima de 90 minutos.

Unha vez rematado o exame por parte da única aspirante presentada, a mesma da lectura do mesmo e a cualificación das proba queda do seguinte xeito:

APELIDOS E NOME	TOTAL OPOSICIÓN
NÚMERO 7. Fernández Varela Adeldida	9

A baremación de méritos alegados polos/as aspirantes na fase de concurso, sendo o máximo de 6 puntos para a experiencia profesional, 5 puntos para a formación, 1,5 para idiomas e 0,5 polo carné de guía, quedando do seguinte xeito:

FASE DE CONCURSO (VALORACIÓN DE MÉRITOS)

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	CURSOS	IDIOMAS	Carné Gía	TOTAL (CONCURSO)
FERNÁNDEZ VARELA ADELAIDA	6	5	1,15	-	12,15

Sumadas as puntuación obtidas pola aspirante na fase de oposición (proba práctica) e na fase de concurso (valoración de méritos) os resultados finais son os seguintes:

APELIDOS E NOME	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	TOTAL PUNTUACIÓN
FERNÁNDEZ VARELA ADELAIDA	9	12,15	21,15


Así, á vista dos resultados finais das probas, o Tribunal Cualificador propón á Alcaldía o nomeamento como funcionario/ interino/ para Oficina de Turismo do Concello de Sobrado a:

ASPIRANTE SELECCIONADA E PROPOSTA:

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>DNI</u>
FERNÁNDEZ VARELA ADELAIDA	***3674**

Non sendo outro o obxecto desta reunión, dase por rematado o acto, ordeando a Presidenta que se redacte a presente acta, asinada por todos os membros do Tribunal, sendo as 13:30 horas, do que dou fe.

A Presidenta,



Asdº.- Guadalupe Vázquez Ascariz

A Vogal,



Asdº.-. Marta Mª Roca Souto

A Secretaria,



Asdº.- María Ermitas Sánchez González.